

20 DEC. 2012

REGISTRO XERAL

ENTRADA nº 11383



MOCIÓN SOBRE A EXCLUSIÓN DO XEODESTINO “RIBEIRA SACRA”, E A PARTICIPACIÓN RESIDUAL DOS DEMAIS XEODESTINOS DE LUGO, NA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO TURISMO “VIVE GALICIA” ORGANIZADA POR TURGALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., coñecida como TURGALICIA, dependente da Secretaría Xeral para o Turismo e adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, ven de poñer en marcha unha campaña de promoción do turismo no país baixo o título “Vive Galicia”.

A promoción, que se desenvolve en colaboración coas axencias de viaxe galegas e a través dun microsite e Facebook, consiste en obsequiar ós/as gañadores/as con **1.878 premios repartidos entre 57 paquetes turísticos** diferentes a disfrutar, na súa maioría, entre o 15 de xaneiro e o 22 de marzo do ano 2013.

Estes paquetes repártense entre trece dos catorce xeodestinos existentes en Galicia, quedando excluída da mesma o xeodestino **RIBEIRA SACRA**.

O custo total desta promoción ascende, aproximadamente, a **307.000 euros**, sendo a súa distribución a seguinte: A Coruña 42 %; Pontevedra 38 %; Ourense 16 %; **Lugo 4 %**.

Estes datos constatan que un ente oficial da Xunta de Galicia marxina a tres dos catro xeodestinos da provincia de Lugo, e ignora por completo a un deles, a **RIBEIRA SACRA**.

Segundo a información pública na páxina web de TURGALICIA, a participación dos xeodestinos da provincia de Lugo na campaña “Vive Galicia” é a seguinte:

- 4 paquetes para dúas persoas en Ancares-Courel por un prezo de 560 € paquete.
- 13 paquetes para dúas persoas en Lugo-Terra Chá por un prezo de 718 € paquete
- 1 paquete para 12 persoas en Ortegal e a Mariña Lucense por un prezo de 2.200 € paquete.
- 0 paquetes para 0 persoas en Ribeira Sacra por un prezo de 0 € paquete.

Multiplicando estas cifras obteríamos unha inversión nos xeodestinos lugueses de **13.774 €**, dun monto total de **307.000 €**, e dicir, o **4,4 %** do total.

Pero esta cifra, a pesares de resultar negativamente escandalosa, non é certa, aínda é moito más reducida. A saber:

Por unha banda, o xeosdestino Lugo-Terra Chá participa, xunto co xeodestino Terras de Santiago, en 13 paquetes denominados “Os últimos quilómetros do Camiño”. Son viaxes de sete días dende Sarria ata Compostela con seis pernoctacións en establecementos do Camiño.

Por outra, o paquete para doce persoas no que participa o xeodestino da Mariña Lucense é compartido con Ortegal, do xeodestino Ferrolterra, recollendo só visitas á Mariña, mentres que as pernoctacións realizaranse en Cariño ou Ortigueira.

Diante destes datos, a inversión en Lugo límitase ós 4 paquetes en Ancares-Courel cun custo de **2.240 €**, e dicir, o **0,7 %** do orzamento total destinado a esta campaña de promoción.

Estimando que nos outros dous xeodestinos poidera haber algunha inversión en localidades da provincia (algún xantar, pernoctación ou similar) a inversión final desta campaña na provincia de Lugo non chegaría ó **1 %** do custo total da mesma.

Fronte á marxinación que sofren os xeodestinos de Lugo por parte de TURGALICIA e, nomeadamente, a exclusión absoluta da **RIBEIRA SACRA** nesta campaña de promoción, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Explicar os motivos polos que TURGALICIA marxina ós xeodestinos da provincia de Lugo na campaña promocional “Vive Galicia”.**
- 2. Explicar por que motivo o territorio da Ribeira Sacra, tanto lucense como ourensá, foi ignorada como xeodestino e quedou excluída desta campaña.**
- 3. Solucionar esta denigrante situación e incluír á Ribeira Sacra, co protagonismo que merece, na campaña “Vive Galicia”, así como outorgar maior participación no citado programa ós demais xeodestinos da provincia de Lugo.**

Monforte de Lemos, 20 de decembro do 2012

Asdo.- M^a Xosa Vega Buján